CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais para crear produtos propios e creativos.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas e amosa unha actitude responsable.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.</li> <li>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> </ul>

## Contidos

- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
6	Investigamos a natureza	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)		
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente.		
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)		
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Exprésala oralmente o que ve e sente noutras linguaxes.		
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente.		
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes.		
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes.		
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.		
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Canta, baila e reproduce sons tendo en conta o que ve e sente noutras linguaxes.		
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Desfruta coa elaboración de creacións plásticas e usa diferentes técnicas e materiais.		
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Exprésala emocións e sentimentos que lle producen os debuxos, láminas, cancións, obras de arte...		
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre producións dos demais, expresando a súa valoración de xeito empático e respectuoso.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Debuxa a partir dun mensaxe oral ou imaxe.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Participa en actividades de dramatización.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais para crear produtos propios e creativos.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas e amosa unha actitude responsable.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Ampliación do repertorio lingüístico individual.</li> <li>- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.</li> <li>- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.</li> <li>- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.</li> <li>- Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.</li> <li>- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.</li> <li>- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> </ul>

## Contidos

- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
7	Coñecendo a contorna.	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Emprega a linguaxe oral con iniciativa nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) amosando un discurso organizado e coherente.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (assembleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Expresa oralmente o que ve e sente noutras linguaxes.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Participa con interese en actividades onde se emprega a lingua escrita para transmitir mensaxes e información de xeito autónomo.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse de xeito escrito, empregando signos, palabras e oracións a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	É quen de identificar, diferenciar e clasificar palabras segundo as súas características	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Participa en actividades dramáticas e musicais asumindo roles e utilizando instrumentos, recursos e técnicas.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre as producións dos demais, expresando a súa valoración de xeito empático e respectuoso.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Canta, baila e reproduce sons tendo en conta o que ve e sente noutras linguaxes.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Desfruta coa elaboración de creacións plásticas e usa diferentes técnicas e materiais.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa emocións e sentimentos que lle producen os debuxos, láminas, cancións, obras de arte...	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Debuxa a partir dun mensaxe oral ou imaxe.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa de forma activa en xogos de danza e dramatización.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Axusta o seu movemento ao espazo e con respecto aos seus compañeiros.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Mantén actitude de respecto cara as producións dos compañeiros.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Participa en actividades de dramatización.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades con ferramentas dixitais para crear produtos propios.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas e amosa unha actitude responsable.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia.</li> <li>- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.</li> <li>- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.</li> <li>- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.</li> <li>- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.</li> <li>- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.</li> <li>- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.</li> <li>- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.</li> <li>- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.</li> <li>- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.</li> </ul>



## Contidos

- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Na aula, os métodos constituirán estruturas ou marcos xerais de actuación xa que, como afirma Davini, o mestre non será un seguidor pasivo dun método específico que aplicará de maneira mecánica. Pola contra, o mestre analizará diferentes métodos e elaborará estratexias específicas para situacións, contextos e temas concretos, seleccionando e integrando os medios máis axeitados ao momento e aos fins determinados que se pretendan acadar.

Porén, en xeral, podemos destacar que a nosa metodoloxía será unha metodoloxía orientada a traballar e adquirir as competencias clave e a potenciar a autoaprendizaxe. A grandes rasgos será unha metodoloxía activa, participativa, experiencial e lúdica, levándose a cabo nun clima de afecto e confianza.

Entre as metodoloxías que imos empregar queremos destacar:

- Aprendizaxe por proxectos: a partir dunha pregunta próxima aos intereses do alumnado, realízase unha investigación para atopar resposta a dita pregunta. Os nenos/as son os protagonistas e aprenden a aprender. Isto fará que desenvolvan a súa autonomía a partir de situacións reais e porán a proba habilidades como a colaboración, a toma de decisións e a organización do tempo.
- Método Montessori: utiliza un espazo e materiais específicos que permiten ao alumnado aprender a través da súa propia experimentación.
- Aprendizaxe cooperativa: mediante o traballo en grupo realízanse unha serie de actividades para desenvolver

coñecementos sobre un tema.

- O Método ABN: método que traballa a lóxica-matemática de forma manipulativa.

- Gamificación: adapta a dinámica dos xogos á aula para crear aprendizaxes de forma motivadora potenciando a atención, a concentración e o esforzo dos nenos/as.

Todas elas estarán baseadas nunha serie de principios:

- Principio de consistencia evolutiva: adecuaremos os contidos ao nivel do grupo e ao estadio evolutivo do neno/a, tendo en conta o desenvolvemento psicomadurativo do alumno/a así como os seus coñecementos previos.

- Principio de aprendizaxe significativa: prodúcese unha aprendizaxe cando o neno ou a nena establece relacións significativas entre a súa experiencia previa e a nova información que se lle presenta, de forma que se produza unha modificación dos esquemas de coñecementos preexistentes e estes evolucionen cara a estruturas cada vez máis elaboradas e complexas. Isto implica unha metodoloxía que parta dos coñecementos previos dos nenos e das nenas, que conecte cos seus intereses e coas súas necesidades e que lles propoña actividades atractivas dabondo para que aprecien de maneira sinxela e clara a finalidade e a utilidade dos novos contidos que van desenvolvendo.

-Principio de globalización: para conseguir que as aprendizaxes dos nenos e das nenas sexan significativas e que estas sexan o resultado do establecemento de múltiples conexións, de relacións entre o novo e o xa aprendido, é imprescindible que o proxecto sexa concibido baixo unha perspectiva globalizadora.

-Ensinanza activa: a actividade é a principal fonte de aprendizaxe e desenvolvemento dos nenos e das nenas. Cómpre tanto para o seu desenvolvemento físico e psicomotor, coma para a construción do coñecemento. Por isto, a ensinanza ten que ser activa, e debe darlle tempo e ocasión a que o neno e a nena participen e sexan protagonistas da súa propia aprendizaxe. Hai que utilizar estratexias que os estimulen a ser creativos e que alenten o desenvolvemento da imaxinación e da capacidade de observación.

-O xogo: é necesario dotar de carácter lúdico calquera actividade que vaíamos realizar para o que se debe evitar a división entre xogo e traballo xa que o xogo é o traballo dos nenos e das nenas. É a actividade principal que realizan e o vehículo que utilizan para se relacionar e para aprender da realidade que os rodea.

-Principio de actividade auto-estruturante: fomentaremos as interaccións entre neno/ambiente, xa que esta interacción vai ir facilitando a estruturación do pensamento e da personalidade. Por iso serán moi importantes as interaccións que se promovan na aula.

-Principio de seguridade e confianza: crearemos un ambiente cálido, acolledor e seguro, que permita e estimule as relacións interpersoais e contribúa á construción dunha autoimaxe axustada. Prestaremos atención individualizada ao alumnado, a cada un en función das súas necesidades. Teremos unha actitude de escoita activa cara eles, prestando atención a aquilo que lles interesa e preocupa. Será moi importante a nosa labor como modelo de condutas e actitudes, sobre todo cara o mantemento, implantación ou extinción dalgunha delas.

-Principio de socialización: plantexaremos actividades e experiencias nas cales interaccionen cos iguais e cos adultos, dándolle moita importancia á socialización. Desta maneira, promoveremos situacións de diálogo e comunicación, poñendo en funcionamento aulas cooperativas. Estas interaccións permitiránlle poñer en práctica os seus coñecementos acerca das relacións, actitudes, normas...

-Principio da pedagogía do éxito: reforzaremos positivamente os pequenos logros diarios e presentámoslles actividades que demanden un certo esforzo. Desta maneira, conseguirase a motivación e non frustración, pois serán capaces de levalas a cabo por si mesmos ou coa axuda dos demais.

En resumo, para que as experiencias de aprendizaxe sexan competenciais, a mestra deseñará situacións de aprendizaxe con tarefas e actividades que irán dende xogos, simulacións, dramatizacións, cancións... útiles e funcionais para o alumnado, situadas en contextos próximos ou familiares, significativos para eles, que supoñan retos, desafíos, que esperten o desexo e a curiosidade por seguir aprendendo; experiencias de aprendizaxe que impliquen o uso de diversos recursos; que favorezan o desenvolvemento dos procesos cognitivos, emocionais e psicomotrices no alumnado; que favorezan distintos tipos de agrupación (traballo individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo) dando cabida ás diferentes formas de aprender. Deberán estar, polo tanto, moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

A intervención educativa na área de Comunicación e Representación da Realidade terá en conta ademais, as seguintes liñas de actuación:

- Crearanse as condicións para que as diferentes linguaxes se desenvolvan plenamente, sen considerar a ningunha por enriba das demais.

- Farase unha organización e xestión flexible dos tempos comunicativos respectando os intereses, ritmos e particularidades das nenas e dos nenos.

- Estableceranse situacións de comunicación que permitirán o diálogo e a expresión de ideas e sentimentos: asembleas, recunchos, dramatizacións sendo a mestra a que proporcionará en todo momento aos seus alumnos e

alumnas un modelo de linguaxe adecuado polo que guiarse.

- Promoverase unha aproximación á lingua escrita como actividade inserta no día a día da aula, prestando especial atención ao desenvolvemento da conciencia fonolóxica.
- Introduciranse de maneira natural, cotiá e contextualizada os medios de comunicación visual e dixital estimulando a participación das nenas e dos nenos en situacións comunicativas reais e plenas de significado.
- A biblioteca xogará un papel relevante á hora de darlle un sentido á lingua escrita e ao mesmo tempo, será un lugar de disfrute e de primeiros contactos coa literatura.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, reprodutor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículo, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Instrumentos musicais
Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas, etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poda ofrecer no contexto que nos rodea (parques, Biblioteca Concello, etc)

Os materiais deben entenderse como medios que condicionan a actividade infantil e, consecuentemente, a calidade das aprendizaxes.

Debe favorecer os aspectos afectivos e relacionais que se desencadean en situacións de xogo, despertar a curiosidade dos nenos, o desexo de manipularlos, a iniciativa pola exploración e a busca de respostas sobre o seu funcionamento. Ofreceranse de forma paulatina e deben permitir o desenvolvemento sensorial e motórico; a manipulación, interacción, observación e experimentación; o pensamento lóxico; a representación e simulación ou a comunicación oral.

Tamén deben ser sólidos, atractivos, variados e seguros.

Podemos clasificalos en:

- Recursos ambientais: aula, patio, outras dependencias do colexio, entorno do centro .
- Recursos humanos: ademais dos nenos/as está prevista a participación dos pais-nais, especialistas de audición e linguaxe, música, relixión, psicomotricidade, inglés e o departamento de orientación.
- Recursos materiais: son un elemento moi importante na práctica educativa. Da súa selección e do bo uso depende, en gran medida, o éxito do cumprimento dos obxectivos. A selección dos recursos materiais debe responder a criterios que teñan en conta o contexto educativo así como as características dos alumnos-as. Referíndonos aos materiais, ademais do material funxible que se pode atopar na aula ( pinturas, ceras, plastilina, folios...) temos que facer especial fincapé nos recursos para a obtención da información: entrevistas, cuestionarios e material da

contorna: fotos, froitos, teas, follas...e todo tipo de material dispoñible para cada un dos diferentes recunchos: pelotas, coxíns, caldeiros, pás, bonecos, casiña de xoguete, contos, CDS, DVDS, ordenador, impresora, pantalla interactiva, ...

O material impreso para o curso escolar é o método PASO A PASO (Editorial Edelevives) e o resto de proxectos de creación propia que se levarán a cabo ao longo do curso.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial está concibida como un instrumento orientador que nos permitirá planificar o proceso educativo tendo en conta as necesidades observadas no alumnado tanto de maneira individual como grupal. Levarase a cabo durante as primeiras semanas de curso e as principais técnicas e fontes de información empregadas serán:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Nesta avaliación inicial incluiremos, por un lado, os datos sanitarios, motores, lingüísticos aportados na entrevista coas familias do alumnado, e por outro lado, as observacións da aula en canto ás relacións que establecen, aos hábitos e autonomía, á linguaxe, entre outros que consideremos importantes e necesarios.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo maestro/a.

### Criterios de recuperación:

Non procede nesta etapa educativa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Tal e como se establece no decreto curricular, a atención á diversidade constituirá a pauta ordinaria da acción educativa do profesorado e demais profesionais da educación.

A intervención educativa terá en conta a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa ás características persoais, ás necesidades, aos intereses e ao estilo cognitivo das nenas e dos nenos, e identificando as características que poidan ter incidencia na súa evolución escolar co obxectivo de asegurar a plena inclusión de todo o alumnado.

Entendemos a atención á diversidade como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado.

Requerirá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC

para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, curriculares e de movemento.
- Adequar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas ou inadecuadas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades facer este tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervenir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servizos sanitarios, sociais, etc)

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X				
ET.2 - ET.2 - Hábitos de control corporal	X	X					
ET.3 - ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X		X			X
ET.4 - ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos				X	X		X
ET.5 - ET.5 - Educación para o consumo responsable			X	X		X	X
ET.6 - ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X	X		X			X

**Observacións:**

Tal e como se establece no artigo 16 do noso decreto curricular, atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven.

Tamén se incluírá a educación en valores.

Así mesmo, incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable e a promoción e a educación para a saúde.

Ademais, favorecerase que as nenas e os nenos adquiran autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao museo	Visita ao museo no primeiro trimestre para experimentar todo o aprendido no proxecto de "Somos artistas"	X		
Contacontos ou obras teatrais	Participaremos e disfrutaremos das obras de teatro e contacontos que se nos oferten.	X	X	X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso			X
Proxectos medioambientais	Poderase participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza.		X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X
Actividades para facilitar a transición a E.P	Visita ás aulas de primaria, xogos e/ou actividades cos alumnos/as de primeiro, padriños e madriñas do alumnado maior o primeiro día de clase, acto de graduación e despedida de infantil..			X
Proxecto das diferentes culturas	Participaremos no proxecto de centro sendo a temática elixida neste curso a aprendizaxe e respecto polas diferentes culturas.	X	X	X
Sesión de circo ou cine	Se temos opción no segundo ou terceiro trimestre asistiremos a unha sesión de circo ou de cine, coincidindo coa temática dos proxectos.		X	X

### Observacións:

Como programación flexible, poderemos aceptar diversas actividades lúdicas, formativas e didácticas que se nos vaian ofertando dende diversos entes como o concello, asociacións, editoriais...

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado

Elementos curriculares presentes nas actividades
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas
Metodoloxía empregada
Temporalización de actividades adecuada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación
Empréganse diversos recursos didácticos.
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente
Promóvese a participación das familias

#### **Descrición:**

Para completar o proceso de avaliación teremos en conta estes indicadores de logro. Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación valorárase a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente. Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

### **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004101	CEIP Xesús Golmar	Lalín	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Crecedemento en harmonía	6º Inf.	8	280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

## 1. Introducción

O equipo de nivel de 6º de Educación Infantil do CEIP Xesús Golmar, de xeito coordinado e tendo en conta:

- O Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- O Proxecto Curricular e a PXA do noso centro.

- As propostas de mellora que se fixeran na memoria do curso anterior.

- A avaliación inicial.

- Os informes dos cursos anteriores.

- As entrevistas coas familias.

- A situación emocional dos nosos alumnos/as

procede á elaboración da programación da área de Crecemento en Harmonía para o curso 2023-24.

A programación desta área recolle aqueles elementos curriculares que teñen como finalidade potenciar nos nenos e nenas o logro dunha imaxe axustada e positiva de si mesmos ao mesmo tempo que sexan capaces de dominar e coidar o seu corpo valorando de forma positiva as diferencias individuais. Neste proceso vense implicadas diversas dimensións interdependentes, como o desenvolvemento e a valoración propia, a autonomía, a identidade ou a convivencia.

Por un lado, o coñecemento e control que os nenos/as teñen do seu corpo, a constatación das súas posibilidades e limitacións, o proceso de diferenciación doutras persoas e as interaccións co medio, farán que adquiran unha progresiva independencia respecto dos adultos. Todo iso contribuirá ao autoconhecimento e ao aprender a facer, sentando as bases para o desenvolvemento da autonomía e da iniciativa persoal.

Por outro lado, o crecemento emocional e a afectividade son dimensións esenciais para o desenvolvemento da personalidade dos nenos e nenas e o control progresivo dos seus sentimentos. Coñecer estratexias que faciliten o autoconcepto e a autoconfianza así como ferramentas que permitan xestionar as emocións controlando a impulsividade, fará posible que os nenos/as afronten con seguridade e autonomía situacións cambiantes presentes no seu día a día.

Ao mesmo tempo, o centro educativo debe ser un axente promotor da saúde e contribuír á consecución de todos os obxectivos que nel se inclúen. Por iso, a nosa programación establece contidos que favorecen o obxectivo principal de que os nosos nenos e nenas sexan individuos sans no sentido máis amplo da palabra. Todo isto está directamente ligado a un ambiente limpo e seguro, polo que tamén se fomentará o coidado do medio ambiente. Todos estes comportamentos formarán parte da rutina diaria o que lle permitirá ao alumnado acadar unha crecente autonomía.

O desenvolvemento desta programación só se entenderá se se realiza conxuntamente co desenvolvemento das programacións das outras dúas áreas respectado así o principio de globalidade. Levarase a cabo a través de proxectos de aula para os que se deseñarán, partido sempre dos intereses dos nenos e nenas, situacións de aprendizaxe onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relativas ás tres áreas curriculares. Sen embargo, aínda que se traballará de maneira globalizada, os nenos e nenas terán, de maneira específica, dúas sesións semanais de Psicomotricidade, impartidas por unha mestra de apoio.

A temporalización dos proxectos propostos é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada grupo. Na súa distribución atoparemos dous proxectos para cada un dos trimestres e un proxecto transversal que se desenvolverá ao longo de todo o curso e no que se traballarán de forma reiterativa aspectos moi concretos relacionados coa área e que complementará o traballado nos outros proxectos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1				1	1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable			1	1		1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos						1	1	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendizaxe continua	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará ás outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas co desenvolvemento do corpo e o manexo de útiles Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo manual, ademais de todo aquilo que se repite ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.	40	X	X	X
2	Así son eu	Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autoconñecemento. Poderemos levar a cabo actividades relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de	40	X		

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Así son eu	xénero, coñecemento e expresión de emocións...	40	X		
3	Somos artistas	<p>Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas en calquera das linguaxes dispoñibles para o noso alumnado.</p> <p>A través das actividades programadas coñeceremos sensacións, emocións,... e buscaremos acadar o progresivo control dos diferentes útiles. Traballaremos diversos pintores e obras.</p>	40	X		
4	O mundo do circo	<p>Nesta categoría encadramos proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presente, pasado ou futuro, un pobo ou grupo social concreto, personaxes históricas, así como profesións...</p> <p>Desenvolveránse actividades de xogo simbólico para a comprensión de outros xeitos de vivir. Partimos do mundo do circo como punto de interese e como elemento motivador.</p>	40		X	
5	Animais da contorna	<p>Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a un animal ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat e á relación dos animais cos seres humanos.</p> <p>Buscaremos información sobre a forma de desprazarse dos animais, a súa alimentación, reprodución ... en comparación coas nosas. Incidiremos nos animais propios do circo e na sensibilización de cara a eles e ao seu trato e coidado.</p>	40		X	
6	Investigamos a natureza	<p>Traballaremos co mundo vexetal xa sexa a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, traballando na horta, descubriendo aspectos da agricultura...</p> <p>Programaranse actividades que teñan coma finalidade o coidado e o respecto pola contorna natural.</p>	40			X
7	Coñecendo a contorna	<p>Nesta categoría pódense incluír proxectos relacionados coa contorna do alumnado establecendo relacións con outras. Tamén se traballará a cultura, o patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados.</p> <p>As actividades irán encamiñadas á valoración e ao respecto á nosa realidade, partindo da temática do cine como elemento motivador.</p>	40			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aprendizaxe continua	40

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Coordinar e controlar ou seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá e ao emprego de diferentes obxectos.	TI
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo. amosando cada vez máis control	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situacións da vida cotiá, mostrando iniciativa e confianza.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Ofrece e pide axuda aos compañeiros/os.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas individuais sen discriminar nos xogos e actividades colectivas, mostrando iniciativa e afecto	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Recoñece e respecta os tempos das actividades cotiás e lévaas a cabo de xeito autónomo.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas de xeito autónomo, colaborando e aceptando as normas.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situacións da vida cotiá mostrando iniciativa e confianza.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Recoñece e respecta os tempos das actividades cotiás e lévaas a cabo de xeito autónomo.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Relaciónase con outras persoas en xogos e actividades colectivas, evitando todo tipo de discriminación	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Interacciona nas rutinas e nas actividades cotiás de xeito tolerante e asertivo coas demais persoas.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva propoñendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses de todas as persoas implicadas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.</li> <li>- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.</li> <li>- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.</li> <li>- Avance e control progresivo da motricidade fina.</li> <li>- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.</li> </ul>

## Contidos

- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.

UD	Título da UD	Duración
2	Así son eu	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Realiza a representación do seu corpo e identifica as súas diferentes partes.	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Mostra confianza nas súas posibilidades e actúa acorde ás súas limitacións	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece algunhas semellanzas e diferenzas valorando a diversidade.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación.	

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	É quen de empregar estratexias de xestión emocional para tolerar a frustración	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos saudables e aplícaos no uso dos espazos e materiais.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Cóidase e coida a contorna	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas.</li> <li>- Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais.</li> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.</li> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.</li> <li>- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Somos artistas	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.3 - Recoñecer as percepción sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica as sensacións que lle producen os seus sentidos	TI
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións, con iniciativa, sobre os seus gustos, preferencias e inquietudes	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecelas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.</li> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	O mundo do circo	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece algunhas semellanzas e diferenzas nas persoas valorando a diversidade.	TI
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións con iniciativa sobre os seus gustos, preferencias e inxerencias	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecerlas.	Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecerlas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.</li> <li>- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.</li> <li>- O xogo como ferramenta de exploración persoal.</li> <li>- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.</li> <li>- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.</li> <li>- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.</li> <li>- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.</li> <li>- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.</li> <li>- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.</li> <li>- Asentamentos e actividades da contorna.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Animais da contorna	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación.	TI
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións con iniciativa sobre os seus gustos, preferencias e inquedanzas	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Investigamos a natureza	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación.	TI
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións con iniciativa sobre os seus gustos, preferencias e inquedanzas	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos	

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Cóidase e coida a contorna	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.</li> <li>- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.</li> <li>- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.</li> <li>- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.</li> <li>- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.</li> <li>- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Coñecendo a contorna	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece algunhas semellanzas e diferenzas nas persoas valorando a diversidade.	TI
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa con destreza útiles segundo as necesidades de cada situación.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións con iniciativa sobre os seus gustos, preferencias e inquiredanzas	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coidase e coida a contorna.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en actividades culturais mostrando interese por coñecelas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Descubrimiento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Na aula, os métodos constituirán estruturas ou marcos xerais de actuación xa que, como afirma Davini, o mestre non será un seguidor pasivo dun método específico que aplicará de maneira mecánica. Pola contra, o mestre analizará diferentes métodos e elaborará estratexias específicas para situacións, contextos e temas concretos, seleccionando e integrando os medios máis axeitados ao momento e aos fins determinados que se pretendan acadar.

Porén, en xeral, podemos destacar que a nosa metodoloxía será unha metodoloxía orientada a traballar e a adquirir as competencias clave e a potenciar a autoaprendizaxe. A grandes rasgos será unha metodoloxía activa, participativa, experiencial e lúdica, levándose a cabo nun clima de afecto e confianza.

Entre as metodoloxías que imos empregar queremos destacar:

- Aprendizaxe por proxectos: a partir dunha pregunta próxima aos intereses do alumnado, realízase unha investigación para atopar resposta a dita pregunta. Os nenos/as son os protagonistas e aprenden a aprender. Isto fará que desenvolvan a súa autonomía, a partir de situacións reais, e porán a proba habilidades como a colaboración,

a toma de decisións e a organización do tempo.

- Método Montessori: utiliza un espazo e materiais específicos que permiten ao alumnado aprender a través da súa propia experimentación.

- Aprendizaxe cooperativa: mediante o traballo en grupo realízanse unha serie de actividades para desenvolver coñecementos sobre un tema.

- O Método ABN: método que traballa a lóxica-matemática de forma manipulativa.

- Gamificación: adapta a dinámica dos xogos á aula para crear aprendizaxes de forma motivadora potenciando a atención, a concentración e o esforzo dos nenos/as.

Todas elas estarán baseadas nunha serie de principios:

- Principio de consistencia evolutiva: adecuaremos os contidos ao nivel do grupo e ao estadio evolutivo do neno/a, tendo en conta o desenvolvemento psicomadurativo do alumno/a así como os seus coñecementos previos.

- Principio de aprendizaxe significativa: prodúcese unha aprendizaxe cando o neno ou a nena establece relacións significativas entre a súa experiencia previa e a nova información que se lle presenta, de forma que se produza unha modificación dos esquemas de coñecementos preexistentes e estes evolucionen cara a estruturas cada vez máis elaboradas e complexas. Isto implica unha metodoloxía que parta dos coñecementos previos dos nenos e das nenas, que conecte cos seus intereses e coas súas necesidades e que lles propoña actividades atractivas dabondo para que aprecien de maneira sinxela e clara a finalidade e a utilidade dos novos contidos que van desenvolvendo.

-Principio de globalización: para conseguir que as aprendizaxes dos nenos e das nenas sexan significativas e que estas sexan o resultado do establecemento de múltiples conexións, de relacións entre o novo e o xa aprendido, é imprescindible que o proxecto sexa concibido baixo unha perspectiva globalizadora.

-Ensinanza activa: a actividade é a principal fonte de aprendizaxe e desenvolvemento dos nenos e das nenas. Cómpre tanto para o seu desenvolvemento físico e psicomotor, coma para a construción do coñecemento. Por isto, a ensinanza ten que ser activa, e debe darlle tempo e ocasión a que o neno e a nena participen e sexan protagonistas da súa propia aprendizaxe. Hai que utilizar estratexias que os estimulen a ser creativos e que alenten o desenvolvemento da imaxinación e da capacidade de observación.

-O xogo: é necesario dotar de carácter lúdico calquera actividade que vaíamos realizar para o que se debe evitar a división entre xogo e traballo xa que o xogo é o traballo dos nenos e das nenas. É a actividade principal que realizan e o vehículo que utilizan para se relacionar e para aprender da realidade que os rodea.

-Principio de actividade auto-estruturante: fomentaremos as interaccións entre neno/ambiente, xa que esta interacción vai ir facilitando a estruturación do pensamento e da personalidade. Por iso serán moi importantes as interaccións que se promovan na aula.

-Principio de seguridade e confianza: crearemos un ambiente cálido, acolledor e seguro, que permita e estimule as relacións interpersoais e contribúa á construción dunha autoimaxe axustada. Prestaremos atención individualizada ao alumnado, a cada un en función das súas necesidades. Teremos unha actitude de escoita activa cara eles, prestando atención a aquilo que lles interesa e preocupa. Será moi importante a nosa labor como modelo de condutas e actitudes, sobre todo cara ao mantemento, implantación ou extinción dalgunha delas.

-Principio de socialización: plantexaremos actividades e experiencias nas cales interaccionen cos iguais e cos adultos, dándolle moita importancia á socialización. Desta maneira, promoveremos situacións de diálogo e comunicación, poñendo en funcionamento aulas cooperativas. Estas interaccións permitiránlle poñer en práctica os seus coñecementos acerca das relacións, actitudes, normas...

-Principio da pedagogía do éxito: reforzaremos positivamente os pequenos logros diarios e presentaremoslles actividades que demanden un certo esforzo. Desta maneira, conseguirase a motivación e non frustración, pois serán capaces de levalas a cabo por si mesmos ou coa axuda dos demais.

En resumo, para que as experiencias de aprendizaxe sexan competenciais, a mestra deseñará situacións de aprendizaxe con tarefas e actividades que irán dende xogos, simulacións, dramatizacións, cancións... útiles e funcionais para o alumnado, situadas en contextos próximos ou familiares, significativos para eles, que supoñan retos, desafíos, que esperten o desexo e a curiosidade por seguir aprendendo; experiencias de aprendizaxe que impliquen o uso de diversos recursos; que favorezan o desenvolvemento dos procesos cognitivos, emocionais e psicomotrices no alumnado; que favorezan distintos tipos de agrupación (traballo individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo) dando cabida así ás diferentes formas de aprender. Na aula traballarase dende a atención á diversidade, centrándose nas necesidades e características particulares do alumnado, de xeito que deberán estar, polo tanto, moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal da Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder á información, diferentes xeitos de expresarse e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

A intervención educativa na área de Crecemento en Harmonía terá en conta ademáis, as seguintes liñas de actuación:

- É fundamental que o alumnado viva nun ambiente ordenado, tanto no tempo como no espazo, con rutinas

- claramente definidas. Estas rutinas facilitarán a adquisición de hábitos que lle permitirán aumentar a súa autonomía.
- A responsabilidade compartida e aceptada entre a familia e a escola convértese no eixo fundamental do desenvolvemento educativo. A través do intercambio de información, experiencias e suxestións, coñecemos as necesidades individuais, favorecemos unha aprendizaxe significativa, nun ambiente afectivo e motivador que proporcione seguridade e protección.
  - A través das diferentes interaccións e da mediación dos adultos, asimilarán de forma natural e progresiva modelos axeitados de relación social, baseados no respecto, a empatía, a promoción da igualdade entre homes e mulleres e o respecto aos dereitos humanos.
  - O recoñecemento e valoración da pluralidade sociocultural da aula fomentárase mediante actividades e xogos que poñan en valor os diferentes costumes e tradicións e favorezan a comunicación asertiva das propias necesidades e a escoita activa das doutras persoas nos procesos coeducativos e cooperativos.
  - Promoveremos o recoñecemento da propia imaxe e a dos demais, a través de actividades rutineiras como na asemblea cando tomamos rolo e identificamos aos seus compañeiros e a eles mesmos nas fotografías achegadas.
  - A exploración sensoriomotora debe promoverse mediante a manipulación de obxectos e permitindo que o propio alumnado sexa protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe.
  - Para favorecer a autoconfianza en si mesmos, debemos felicitalos polos seus logros, e non propoñer actividades que impliquen un nivel de dificultade que xere frustración. Haberá que facerlles comprender pouco a pouco que os erros son comúns a todas as persoas e axudarlles a superar os seus fallos nas actividades, así como a non desenvolver frustracións cando non son gañadores dun xogo.
  - A estruturación espazo-temporal das actividades é a base na Educación Infantil para favorecer a autonomía dos nenos/as, para iso, proporcionárolles unha liña temporal, co apoio visual poden saber que actividades imos realizar ao longo do día, o profesorado que vai intervir en cada momento, así como os espazos que imos utilizar para iso.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, reproductor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículum, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias ) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc)
Instrumentos musicais.

Os materiais deben entenderse como medios que condicionan a actividade infantil e, consecuentemente, a calidade das aprendizaxes.

Debe favorecer os aspectos afectivos e relacionais que se desencadean en situacións de xogo, espertar a curiosidade dos nenos, o desexo de manipularlos, a iniciativa pola exploración e a busca de respostas sobre o seu funcionamento. Ofreceranse de forma paulatina e deben permitir o desenvolvemento sensorial e motórico; a manipulación, interacción, observación e experimentación; o pensamento lóxico; a representación e simulación ou a comunicación oral.

Tamén deben ser sólidos, atractivos, variados e seguros.

Podemos clasificalos en:

- Recursos ambientais: aula ,patio, outras dependencias do colexio, entorno do centro .

- Recursos humanos: ademais dos nenos/as está prevista a participación dos pais-nais, especialistas de audición e linguaxe, música, relixión, psicomotricidade, inglés e o departamento de orientación.

- Recursos materiais: son un elemento moi importante na práctica educativa. Da súa selección e do bo uso depende, en gran medida, o éxito do cumprimento dos obxectivos. A selección dos recursos materiais debe responder a criterios que teñan en conta o contexto educativo así como ás características dos alumnos-as. Referíndonos ós materiais, ademais do material funxible que se pode atopar na aula ( pinturas, ceras, plastilina, folios...) temos que facer especial fincapé nos recursos para a obtención de información: entrevistas, cuestionarios e material da contorna: fotos, froitos, teas , follas... e todo tipo de material dispoñible para cada un dos diferentes recunchos: pelotas, coxíns, caldeiros, pás, bonecos, casiña de xoguete, contos, CDS, DVDS, ordenador, impresora, pantalla interactiva, ...

O material impreso para o curso escolar é: o método PASO A PASO (Editorial Edelevives) e o resto de proxectos de creación propia que se levarán a cabo ao longo do curso.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial está concibida como un instrumento orientador que nos permitirá planificar o proceso educativo tendo en conta as necesidades observadas no alumnado tanto de maneira individual como grupal. Levarase a cabo durante as primeiras semanas de curso e as principais técnicas e fontes de información empregadas serán:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.

- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado

- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.

- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Nesta avaliación inicial incluiremos, por un lado, os datos sanitarios, motores e lingüísticos aportados na entrevista coas familias do alumnado, e por outro lado, as observacións da aula en canto ás relacións que establecen, aos hábitos e autonomía, á linguaxe, entre outros que consideremos importantes e necesarios.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:



Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a.

### **Criterios de recuperación:**

Non procede nesta etapa educativa.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Tal e como se establece no decreto curricular, a atención á diversidade constituirá a pauta ordinaria da acción educativa do profesorado e demais profesionais da educación.

A intervención educativa terá en conta a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa ás características persoais, ás necesidades, aos intereses e ao estilo cognitivo das nenas e dos nenos, e identificando as características que poidan ter incidencia na súa evolución escolar co obxectivo de asegurar a plena inclusión de todo o alumnado.

Entendemos a atención á diversidade como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado.

Requerirá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adequaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, de movemento e curriculares.
- Adequar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propondo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.

Por último, sinalar que consideramos primordial intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais, etc).

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X				
ET.2 - ET.2 - Hábitos de control corporal	X	X					
ET.3 - ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X		X			X
ET.4 - ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos				X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - Educación para o consumo responsable			X	X		X	X
ET.6 - ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X	X		X			X

### Observacións:

Tal e como se establece no artigo 16 do noso decreto curricular, atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Tamén se incluírá a educación en valores.

Así mesmo, incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable e a promoción e a educación para a saúde.

Ademais, favorecerase que as nenas e os nenos adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao museo	Visita ao museo no primeiro trimestre para experimentar todo o aprendido no proxecto de "Somos artistas"	X		
Contacontos ou obras teatrais	Participaremos e disfrutaremos das obras de teatro e contacontos que se nos oferten.	X	X	X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso			X
Proxectos medioambientais	poderase participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza.		X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades para facilitar a transición a E.P	Visita ás aulas de primaria , xogos e/ou actividades cos alumnos/as de primeiro, padriños e madriñas do alumnado maior o primeiro día de clase, acto de graduación e despedida de infantil.			X
Proxecto das diferentes culturas	Participaremos no proxecto de centro sendo a temática elixida neste curso a aprendizaxe e respecto polas diferentes culturas.	X	X	X
Sesión de circo ou cine	Se temos opción no segundo ou terceiro trimestre assistiremos a unha sesión de circo ou de cine, coincidindo coa temática dos proxectos.		X	X

#### Observacións:

Como programación flexible, poderemos aceptar diversas actividades lúdicas, formativas e didácticas que se nos vaian ofertando dende diversos entes como o concello, asociacións, editoriais...

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas
Metodoloxía empregada
Temporalización de actividades adecuada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación
Empréganse diversos recursos didácticos.
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente
Promóvese a participación das familias

**Descrición:**

Para completar o proceso de avaliación teremos en conta estes indicadores de logro. Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza para poder modificalo e melloralo.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Valorarase a programación a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.  
Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre

**9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004101	CEIP Xesús Golmar	Lalín	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Descubrimento e exploración da contorna	6º Inf.	8	280

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

O equipo de nivel de 6º de Educación Infantil do CEIP Xesús Golmar, de xeito coordinado e tendo en conta:

-O Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

-O Proxecto Curricular e a PXA do noso centro.

-As propostas de mellora que se fixeran na memoria do curso anterior.

-A avaliación inicial.

-Os informes dos cursos anteriores.

-As entrevistas coas familias.

-A situación emocional dos nosos alumnos/as.

procede á elaboración da programación da área de Descubrimento e Exploración da Contorna para o curso 2023-24.

A programación da área de Descubrimento e Exploración da Contorna ten como finalidade a construción e o coñecemento afianzado do medio físico, natural e social como un todo integrado, así como as súas interrelacións, favorecendo actitudes de respecto e valoración a través dunha visión sostible do entorno. Este fin estará vinculado cun enfoque coeducativo e estimulador das emocións, así como coa promoción dunha actitude crítica e creativa.

Os nenos e nenas entenden o mundo que os rodea cando xogan, interactúan e exploran o mundo que os rodea. A realización de proxectos, exploracións, investigacións, resolución de problemas e xogos con diversos obxectos, materiais e espazos facilitará o desenvolvemento de habilidades tanto físicas como intelectuais, afectivas e sociais. Por un lado, manipulando, observando, indagando, probando, identificando, relacionando, analizando, comprobando, razoando,... os nenos/as descubrirán as calidades e atributos dos elementos do seu contorno máis próximo. Por outro lado, a través da experimentación do medio, os nenos e nenas desenvolverán actitudes de autoestima e autoconfianza, adquirindo así o coñecemento de si mesmos eao tempo que estimulan a súa curiosidade e plantexan solucións creativas e orixinais a retos que se lles presentan.

O desenvolvemento desta área adquire sentido sempre que se faga dunha maneira global complementándose coas programacións das outras dúas áreas curriculares. Levarase a cabo a través de proxectos de aula para os que se deseñarán tarefas, actividades e exercicios, partido sempre dos intereses dos nosos alumnos e alumnas, que permitirán poñer en práctica unha serie de habilidades e capacidades.

A temporalización dos proxectos propostos é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada grupo e a diversidade do alumnado. Na súa distribución atoparemos dous proxectos para cada un dos trimestres e un proxecto transversal que se desenvolverá ao longo de todo o curso e no que se traballarán de forma reiterativa aspectos moi concretos relacionados coa área e que complementará o traballado nos outros proxectos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.	1		1	1	1		1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.	1		1	1	1		1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.	1			1				1
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.	1	1		1		1		1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendizaxe continuo	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará ás outras unidades/categorías. Aquí atoparemos todo tipo de actividades relacionadas co desenvolvemento da exploración e a experimentación activa de obxectos, espazos e materiais que faciliten o descubrimento da contorna física e social, sempre mediante o fomento dunha actitude creativa, crítica e respectuosa. Terán tamén cabida nesta unidade todas as actividades que se repitan ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.	40	X	X	X
2	Así son eu	Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autocoñecemento. Poderemos levar a cabo actividades relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de	40	X		



UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Así son eu	emocións...	40	X		
3	Somos artistas	<p>Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas en calquera das linguaxes dispoñibles para o noso alumnado.</p> <p>A través das actividades programadas coñeceremos sensacións, emocións,... e buscaremos acadar o progresivo control dos diferentes útiles. Traballaremos diversos pintores e obras.</p>	40	X		
4	O mundo do circo	<p>Nesta categoría encadramos proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presente, pasado ou futuro, un pobo ou grupo social concreto, personaxes históricas así como profesións...</p> <p>Desenvolveranse actividades de xogo simbólico para a comprensión doutros xeitos de vivir. Partimos do mundo do circo como punto de interese e como elemento motivador.</p>	40		X	
5	Animais da contorna	<p>Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a un animal ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, a relación dos animais cos seres humanos.</p> <p>Buscaremos información sobre a forma de desprazarse dos animais, a súa alimentación ou reprodución en comparación coas nosas. Incidiremos nos animais propios do circo e na sensibilización de cara a eles e ao seu trato e coidado.</p>	40		X	
6	Investigamos a natureza	<p>Traballaremos proxectos relacionados co mundo vexetal ben a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, ben traballando na horta, descubrindo aspectos da agricultura, etc.</p> <p>Se promocionarán actividades manipulativas, sensoriais e de exploración, afianzando actitudes de respecto por un desenvolvemento sostible.</p>	40			X
7	Coñecendo a contorna.	<p>Nesta categoría pódense incluír proxectos relacionados coa contorna do alumnado, establecendo relacións con outras. Tamén se traballará a cultura, o patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados.</p> <p>As actividades irán encamiñadas á valoración e ao respecto a nosa realidade, partindo da temática do cine como elemento motivador.</p>	40			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aprendizaxe continuo	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Emprega os cuantificadores básicos correctos en diferentes contextos.	TI
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Fai asociacións comprensivas dos números e as súas grafías, recoñecendo as cantidades e iniciándose no uso das diferentes operacións.	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Desprázase polo espazo empregando nocións espaciais básicas, adaptando o movemento aos obxectos presentes e ás accións dos demais.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Representa graficamente a súa situación no espazo, así como os obxectos e persoas situados nel ,empregando o vocabulario topolóxico básico.	
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Recoñece situacións susceptibles de medir e cuantificar.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Comprende e ordena temporalmente situacións que lle son próximas.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colabora cos seus iguais na secuenciación de accións para deseñar solucións e aplicarlas a diferentes situacións problemáticas e/ou retos.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	É quen de empregar estratexias para tolerar a frustración en situacións problemáticas.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Emprega estratexias persoais para resolver problemas colaborando cos demais.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Ordena accións mostrando interese e iniciativa na resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas,valorando respectuosamente as aportacións alleas e chegando a acordos.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa mostrando iniciativa en actividades STEAM.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Respecta e valora os seres vivos da súa contorna e contribúe ao seu coidado.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Expresa afectos e emocións positivas relacionados coa familia e cos seus iguais.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Amosa iniciativa para relacionarse coas persoas da súa contorna de xeito respectuoso.	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Coñece e describe modelos de familia e parentescos de xeito respectuoso.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidadade, número e graffa. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.</li> <li>- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...</li> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> <li>- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.</li> <li>- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.</li> <li>- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.</li> <li>- Relacións de parentesco.</li> <li>- A escola.</li> <li>- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Así son eu	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	É quen de identificar situacións cotiás onde haxa que empregar o corpo e/ou outros materiais para efectuar medidas.	TI
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece os elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna e valora a súa importancia.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Recoñece as principais festas, costumes e tradicións, propias e alleas, e participa nalgunha delas mostrando interese.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> <li>- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.</li> <li>- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.</li> <li>- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.</li> <li>- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Somos artistas	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos en función de varios atributos.	TI
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identifica e diferenza formas xeométricas básicas na contorna.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	É quen de identificar situacións cotiás onde teña que empregar o corpo e/ou outros materiais para efectuar medidas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.</li> <li>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidadade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...</li> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.</li> <li>- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.</li> <li>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> <li>- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	O mundo do circo	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Recoñece e describe os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais coma naturais.	TI
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece os elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna e valora a súa importancia.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Identifica e valora as diferentes profesións, organizacións e servizos da súa comunidade.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándooas como sinais de identidade.	Recoñece as principais festas, costumes e tradicións, propias e alleas, e participa nalgunha delas mostrando interese.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece elementos e personaxes do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).</li> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> <li>- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.</li> <li>- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.</li> <li>- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.</li> <li>- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.</li> <li>- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.</li> <li>- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.</li> <li>- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.</li> <li>- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Animais da contorna	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Propón hipóteses e leva a cabo accións para comprobalas.	TI
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Coñece situacións de risco provocadas pola actuación das persoas no medio natural e rexéitaas, así como as que favorecen no mesmo un desenvolvemento sostible.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Coñece situacións de risco provocadas pola actuación das persoas no medio natural e rexéitaas, así como as que favorecen no mesmo un desenvolvemento sostible.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Recoñece as características propias dos seres vivos e dos inertes e establece comparacións entre eles.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.</li> <li>- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.</li> <li>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> <li>- Habilidades do pensamento computacional.</li> <li>- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.</li> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> <li>- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.</li> <li>- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.</li> <li>- Os seres vivos e as súas características.</li> <li>- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Investigamos a natureza	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos en función de varios atributos.	TI
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Propón hipóteses e leva a cabo accións para comprobalas.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Recoñece e describe os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais coma naturais.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece as características propias dos seres vivos e dos inertes e establece comparacións entre eles.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidadade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...</li> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.</li> <li>- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.</li> <li>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Habilidades do pensamento computacional.</li> <li>- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.</li> <li>- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.</li> <li>- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).</li> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> <li>- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.</li> <li>- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.</li> <li>- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Coñecendo a contorna.	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Establece relacións entre obxectos en función de varios atributos.	TI
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identifica e diferencia formas xeométricas básicas na contorna.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	É quen de identificar situacións cotiás onde teña que empregar o corpo e/ou outros materiais para efectuar medidas.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgúns accións humanas sobre el.	Coñece situacións de risco provocadas pola actuación das persoas no medio natural e rexéitaas, así como as que favorecen no mesmo un desenvolvemento sostible.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Recoñece e describe os efectos producidos por fenómenos naturais tanto en contextos sociais coma naturais.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a importancia de facer un uso responsable.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Recoñece os elementos máis identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna e valora a súa importancia..	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Identifica e valora as diferentes profesións, organizacións e servizos da súa comunidade.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Recoñece as principais festas, costumes e tradicións propias e alleas e participa nalgunha delas mostrando interese.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñece elementos e personaxes do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración.</li> <li>- Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación.</li> <li>- Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos.</li> <li>- Emprego de cuantificadores básicos contextualizados.</li> <li>- Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir.</li> <li>- Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento.</li> <li>- Identificación das nocións topográficas básicas no plano.</li> <li>- Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario...</li> <li>- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.</li> <li>- Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.</li> <li>- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.</li> <li>- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.</li> <li>- Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.</li> <li>- Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.</li> <li>- Habilidades do pensamento computacional.</li> <li>- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.</li> <li>- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.</li> <li>- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.</li> <li>- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.</li> </ul>

## Contidos

- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Os seres vivos e as súas características.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Na aula, os métodos constituirán estruturas ou marcos xerais de actuación xa que, como afirma Davini, o mestre non será un seguidor pasivo dun método específico que aplicará de maneira mecánica. Pola contra, o mestre analizará diferentes métodos e elaborará estratexias específicas para situacións, contextos e temas concretos, seleccionando e integrando os medios máis axeitados ao momento e aos fins determinados que se pretendan acadar.

Porén, en xeral, podemos destacar que a nosa metodoloxía será unha metodoloxía orientada a traballar e a adquirir as competencias clave e a potenciar a autoaprendizaxe. A grandes rasgos será unha metodoloxía activa, participativa, experiencial e lúdica, levándose a cabo nun clima de afecto e confianza.

Entre as metodoloxías que imos empregar queremos destacar:

- Aprendizaxe por proxectos: a partir dunha pregunta próxima aos intereses do alumnado, realízase unha investigación para atopar resposta a dita pregunta. Os nenos/as son os protagonistas e *¿aprenden a aprender?*. Isto fará que desenvolvan a súa autonomía, a partir de situacións reais, e porán a proba habilidades como a colaboración, a toma de decisións e a organización do tempo.
- Método Montessori: utiliza un espazo e materiais específicos que permiten ao alumnado aprender a través da súa propia experimentación.
- Aprendizaxe cooperativa: mediante o traballo en grupo realízanse unha serie de actividades para desenvolver coñecementos sobre un tema.
- O Método ABN: método que traballa a lóxica-matemática de forma manipulativa.
- Gamificación: adapta a dinámica dos xogos á aula para crear aprendizaxes de forma motivadora potenciando a atención, a concentración e o esforzo dos nenos/as.

Todas elas estarán baseadas nunha serie de principios:

- Principio de consistencia evolutiva: adecuaremos os contidos ao nivel do grupo e ao estadio evolutivo do neno/a, tendo en conta o desenvolvemento psicoadurativo do alumno/a así como os seus coñecementos previos.
- Principio de aprendizaxe significativa: prodúcese unha aprendizaxe cando o neno ou a nena establece relacións significativas entre a súa experiencia previa e a nova información que se lle presenta, de forma que se produza unha modificación dos esquemas de coñecementos preexistentes e estes evolucionen cara a estruturas cada vez máis elaboradas e complexas. Isto implica unha metodoloxía que parta dos coñecementos previos dos nenos e das nenas, que conecte cos seus intereses e coas súas necesidades e que lles propoña actividades atractivas dabondo para que aprecien de maneira sinxela e clara a finalidade e a utilidade dos novos contidos que van desenvolvendo.
- Principio de globalización: para conseguir que as aprendizaxes dos nenos e das nenas sexan significativas e que estas sexan o resultado do establecemento de múltiples conexións, de relacións entre o novo e o xa aprendido, é imprescindible que o proxecto sexa concibido baixo unha perspectiva globalizadora.
- Ensinanza activa: a actividade é a principal fonte de aprendizaxe e desenvolvemento dos nenos e das nenas. Cómpre tanto para o seu desenvolvemento físico e psicomotor, coma para a construción do coñecemento. Por isto, a

ensinanza ten que ser activa, e debe darlle tempo e ocasión a que o neno e a nena participen e sexan protagonistas da súa propia aprendizaxe. Hai que utilizar estratexias que os estimulen a ser creativos e que alenten o desenvolvemento da imaxinación e da capacidade de observación.

-O xogo: é necesario dotar de carácter lúdico calquera actividade que vaiamos realizar para o que se debe evitar a división entre xogo e traballo xa que o xogo é o traballo dos nenos e das nenas. É a actividade principal que realizan e o vehículo que utilizan para se relacionar e para aprender da realidade que os rodea.

-Principio de actividade auto-estruturante: fomentaremos as interaccións entre neno/ambiente, xa que esta interacción vai ir facilitando a estruturación do pensamento e da personalidade. Por iso serán moi importantes as interaccións que se promovan na aula.

-Principio de seguridade e confianza: crearemos un ambiente cálido, acolledor e seguro, que permita e estimule as relacións interpersoais e contribúa á construción dunha autoimaxe axustada. Prestaremos atención individualizada ao alumnado, a cada un en función das súas necesidades. Teremos unha actitude de escoita activa cara eles, prestando atención a aquilo que lles interesa e preocupa. Será moi importante a nosa labor como modelo de condutas e actitudes, sobre todo cara ao mantemento, implantación ou extinción dalgunha delas.

-Principio de socialización: plantexaremos actividades e experiencias nas cales interaccionen cos iguais e cos adultos, dándolle moita importancia á socialización. Desta maneira, promoveremos situacións de diálogo e comunicación, poñendo en funcionamento aulas cooperativas. Estas interaccións permitiránlle poñer en práctica os seus coñecementos acerca das relacións, actitudes, normas...

-Principio da pedagogía do éxito: reforzaremos positivamente os pequenos logros diarios e presentarlles actividades que demanden un certo esforzo. Desta maneira, conseguirase a motivación e non frustración, pois serán capaces de levalas a cabo por si mesmos ou coa axuda dos demais.

En resumo, para que as experiencias de aprendizaxe sexan competenciais, a mestra deseñará situacións de aprendizaxe con tarefas e actividades que irán dende xogos, simulacións, dramatizacións, cancións... útiles e funcionais para o alumnado, situadas en contextos próximos ou familiares, significativos para eles, que supoñan retos, desafíos, que esperten o desexo e a curiosidade por seguir aprendendo; experiencias de aprendizaxe que impliquen o uso de diversos recursos; que favorezan o desenvolvemento dos procesos cognitivos, emocionais e psicomotrices no alumnado; que favorezan distintos tipos de agrupación (traballo individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo) dando cabida así ás diferentes formas de aprender. Deberán estar, polo tanto, moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

A intervención educativa na área de Descubrimiento e Exploración da Contorna terá en conta, ademáis, as seguintes liñas de actuación:

- O xogo simbólico axudará ao neno e á nena a poñerse no lugar do outro, así como na resolución de problemas que se producen na vida cotiá.

- Mediante as rutinas os nenos/as aprenden a anticiparse aos acontecementos, a adquirir conciencia temporal e a relacionar espazo-tempo. Entenden e aprenden a mellorar a percepción, estrutura e clasificación da realidade, ao tempo que melloran a súa orientación e razoamento.

- Animaremos aos nenos/as a observar, manipular, relacionar e a facer preguntas incentivando a súa curiosidade.

- Fomentaremos a exploración activa da contorna próxima amosando respecto pola mesma así como o descubrimento da contorna máis afastada a través dos medios tecnolóxicos e analóxicos que susciten o interés do alumnado por coñecelas.

- Organizaremos ambientes de aprendizaxe amables e agradables que propicien a comodidade e a seguridade das nenas e dos nenos e das persoas adultas, coidando de xeito especial o seu equilibrio estético, a súa versatilidade e a interacción e relacións coas persoas e cos obxectos.

- Deseñaremos situacións STEAM que faciliten a aplicación das habilidades do pensamento computacional e que axuden ao alumnado a superar situacións problemáticas de xeito creativo e orixinal, mellorando a súa autonomía e favorecendo a comprensión do erro como parte da aprendizaxe e fonte de información, sempre desde un enfoque coeducativo e posibilitando situacións que favorezan a expresión asertiva e a escoita activa das emocións, propias e alleas.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reprodutor musical...
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículo, P.E....
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Instrumentos musicais
Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias)e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poda ofrecer no contexto que nos rodea (parques, Biblioteca Concello,etc)

Os materiais deben entenderse como medios que condicionan a actividade infantil e, consecuentemente, a calidade das aprendizaxes.

Debe favorecer os aspectos afectivos e relacionais que se desencadean en situacións de xogo, espertar a curiosidade dos nenos, o desexo de manipularlos, a iniciativa pola exploración e a busca de respostas sobre o seu funcionamento. Ofreceranse de forma paulatina e deben permitir o desenvolvemento sensorial e motórico; a manipulación, interacción, observación e experimentación; o pensamento lóxico; a representación e simulación ou a comunicación oral.

Tamén deben ser sólidos, atractivos, variados e seguros.

Podemos clasificalos en:

-Recursos ambientais: aula, patio, outras dependencias do colexio, entorno do centro .

- Recursos humanos: ademais dos nenos/as está prevista a participación dos pais-nais, especialistas de audición e linguaxe, música, relixión, psicomotricidade, inglés e o departamento de orientación.

-Recursos materiais: son un elemento moi importante na práctica educativa. Da súa selección e do bo uso depende, en gran medida, o éxito do cumprimento dos obxectivos. A selección dos recursos materiais debe responder a criterios que teñan en conta o contexto educativo así como ás características dos alumnos-as. Referíndonos aos materiais ademais do material funxible que se pode atopar na aula ( pinturas, ceras, plastilina, folios...) temos que facer especial fincapé nos recursos para a obtención de información: entrevistas, cuestionarios e material da contorna: fotos, froitos, teas , follas... e todo tipo de material dispoñible para cada un dos diferentes recunchos: pelotas, coxíns, caldeiros, pás, bonecos, casiña de xoguete, contos, CDS, DVDS, ordenador, impresora, pantalla interactiva, ...

O material impreso para o curso escolar é o método PASO A PASO (Editorial Edelevives) e o resto de proxectos de creación propia que se levarán a cabo ao longo do curso.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial está concibida como un instrumento orientador que nos permitirá planificar o proceso educativo tendo en conta as necesidades observadas no alumnado tanto de maneira individual como grupal. Levarase a cabo durante as primeiras semanas de curso e as principais técnicas e fontes de información empregadas serán:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Nesta avaliación inicial incluiremos, por un lado, os datos sanitarios, motores, lingüísticos aportados na entrevista coas familia do alumnado , e por outro lado, as observacións da aula en canto ás relacións que establecen, aos hábitos e autonomía, á linguaxe, entre outros que consideremos importantes e necesarios.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación( sen dificultade, en proceso, con dificultade), de forma que o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra ou mestre.

### Criterios de recuperación:

Non procede nesta etapa educativa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Tal e como se establece no decreto curricular, a atención á diversidade constituirá a pauta ordinaria da acción educativa do profesorado e demais profesionais da educación.

A intervención educativa terá en conta a diversidade do alumnado adaptando a práctica educativa ás características persoais, ás necesidades, aos intereses e ao estilo cognitivo das nenas e dos nenos, e identificando as características que poidan ter incidencia na súa evolución escolar co obxectivo de asegurar a plena inclusión de todo o alumnado.

Entendemos a atención á diversidade como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe,

motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado.

Requerirá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razonamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adequaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades (fisiolóxicas), afectivas, de movemento e curriculares.
- Adequar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razonamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoptando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferenzas.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre dende un enfoque multidisciplinar: (tutoría, DO, familia ou títulos legais, servizos sanitarios, sociais, etc).

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional	X	X	X				
ET.2 - ET.2 - Hábitos de control corporal	X	X					
ET.3 - ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X		X			
ET.4 - ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos				X	X	X	X
ET.5 - ET.5 - Educación para o consumo responsable			X	X		X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.6 - ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos	X	X		X			X

#### Observacións:

Tal e como se establece no artigo 16 do noso decreto curricular, atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, e ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Tamén se incluírá a educación en valores.

Así mesmo, incluíranse a educación para o consumo responsable e sustentable e a promoción e a educación para a saúde.

Ademais, favorecerase que as nenas e os nenos adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao museo	Visita ao museo no primeiro trimestre para experimentar todo o aprendido no proxecto de "Somos artistas"	X		
Contacontos ou obras teatrais	Participaremos e disfrutaremos das obras de teatro e contacontos que se nos oferten.	X	X	X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso			X
Proxectos medioambientais	Poderase participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza.		X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.	X	X	X
Actividades para facilitar a transición a E.P	Visita ás aulas de primaria, xogos e/ou actividades cos alumnos/as de primeiro, padriños e madriñas do alumnado maior o primeiro día de clase, acto de graduación e despedida de infantil.			X
Proxecto das diferentes culturas	Participaremos no proxecto de centro sendo a temática elixida neste curso a aprendizaxe e respecto polas diferentes culturas.	X	X	X
Sesión de circo ou cine	Se temos opción no segundo ou terceiro trimestre assistiremos a unha sesión de circo ou de cine, coincidindo coa temática dos proxectos.		X	X

#### Observacións:

Como programación flexible, poderemos aceptar diversas actividades lúdicas, formativas e didácticas que se nos vaian ofertando dende diversos entes como o concello, asociacións, editoriais...



## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas
Metodoloxía empregada
Temporalización de actividades adecuada.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación
Empréganse diversos recursos didácticos.
Medidas de atención á diversidade
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación co equipo docente
Promóvese a participación das familias

### Descrición:

Para completar o proceso de avaliación teremos en conta estes indicadores de logro. Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza e así poder modificalo e melloralo.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Valorarase a programación a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente. Habrá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004101	CEIP Xesús Golmar	Lalín	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	6º Inf.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	11
7.2. Actividades complementarias	12
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	12

## 1. Introducción

Partiremos del nivel de desarrollo del alumno, así como de sus necesidades

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.				1				
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.		1						
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.				1				
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.		1						
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.				1	1			
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.	1							

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	La familia	La Iglesia	6	X		
2	Nuestro precioso mundo	La creación	6	X		
3	El Nacimiento	Alegría	6	X		
4	Elegir el bien	Respetar	6		X	
5	Convivir	Amar y perdonar	6			X
6	Mes de mayo	Mes de María	5			X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

UD	Título da UD	Duración
1	La familia	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Comprender actitudes básicas	TI
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Respetar	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	Explorar y observar	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.</li> </ul>

## Contidos

- O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.
- Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía.
- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.
- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.
- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.
- Identidade cristiá e contorna social.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

UD	Título da UD	Duración
2	Nuestro precioso mundo	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Hábitos básicos	TI
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Respeto y perdón	
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Escuchar al que me rodea	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Saber expresar pequenos relatos	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Respeto por las distintas creencias	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.
- Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.
- O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá.
- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.
- Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais.
- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.
- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.
- Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón.
- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.
- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.
- A vida cristiá en comunidade.
- Identidade cristiá e contorna social.
- Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.

UD	Título da UD	Duración
3	El Nacimiento	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Representar	TI
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Solidarizarse	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Respeto	
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Colaborar	



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Respeto por lo que le rodea	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Oraciones sencillas	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Escuchar pequeños relatos	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá.</li> <li>- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.</li> <li>- Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.</li> <li>- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.</li> <li>- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.</li> <li>- Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus.</li> <li>- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- A oración de Xesús.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Elegir el bien	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	Respetar	TI
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	Perdón	
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Amistad	
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Saber convivir	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	Representar	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Canciones sencillas	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Perdón y amor	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá.</li> <li>- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.</li> <li>- Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.</li> <li>- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.</li> <li>- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflictan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Convivir	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Amor	TI
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Colaborar	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Respeto y amor	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Identificar pequenas secuencias	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Perdón	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.</li> <li>- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.</li> <li>- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá.</li> <li>- A figura da Virxe María.</li> <li>- A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Mes de mayo	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	María, madre nuestra	TI
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Respetar la diversidad	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	Reconocer lo que nos rodea	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Amor	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Perdón y solidaridad	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá.</li> <li>- Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.</li> <li>- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Activa y participativa

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

Fichar, juegos, ceras,

#### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Observación directa

#### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

##### Criterios de cualificación:

Partir del interés del alumno

##### Criterios de recuperación:

Actividades motivadoras

#### 6. Medidas de atención á diversidade

Motivar y estimular

#### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Amor y perdón	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

Valores de perdón y amor por el que nos rodea

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades manuais	Plastillina, fichas			X

**Observacións:**

Actividades manuais

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
Clima de traballo na aula
Trabalo motivador y significativo

**Descrición:**

Se partirán de actividades significativas para el alumno

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Crear un clima de alegría

**9. Outros apartados**

**1. La religión como base para un mundo mejor**

Enseñanza motivadora para conseguir un mundo mejor